

RESOLUCIÓN REITORAL DO 1 DE SETEMBRO DE 2021 POLA QUE SE DISPOÑEN MEDIDAS FRONTE Á COVID-19 PARA O INICIO DO CURSO 2021-2022

A pandemia por coronavirus SARS-CoV-2 determinou a definición de tres escenarios que establecían o grao de presencialidade nas aulas durante o curso 2020-2021 e que respondían á diferente evolución epidemiolóxica da enfermidade e ás consecuentes medidas adoptadas polas autoridades sanitarias. Con ese obxectivo, desenvolvéronse diferentes instrumentos normativos específicos para ese curso, tendo en conta que a evolución da pandemia non permitía prever un contexto a medio prazo.

O Consello de Goberno, na súa sesión do 30 de abril de 2021, aprobou o [“Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-2022”](#), no que se mantiñan os escenarios definidos no curso 2020-2021 e no que se estableceu que *“Como norma xeral, debe considerarse o respecto ao carácter presencial da docencia na Universidade de Santiago de Compostela, xunto coa necesaria flexibilidade para a adaptación da actividade universitaria aos diversos escenarios, así como a consideración ás diferenzas entre as titulacións que se imparten nos seus campus.”* Así, o acordo recolle medidas docentes de carácter xeral, con independencia do escenario epidemiolóxico, e medidas específicas para cada un dos escenarios definidos no curso anterior.

Pola súa banda, o 1 de xullo a Secretaría Xeral de Universidades deu traslado ás tres universidades do SUG dunha instrución de previsión de medidas de adaptación das universidades do Sistema universitario de Galicia para o curso 2021/2022, na que establece disposicións sobre a información das guías docentes, actuacións da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) e as prácticas clínicas organizadas pola Axencia de Coñecemento da Saúde (ACIS) que, en calquera dos tres casos, na Universidade de Santiago de Compostela xa estaban previstas no Plan de continxencia mencionado. Así mesmo, a instrución dispón algunhas recomendacións sobre o desenvolvemento da docencia presencial e a configuración das aulas que, porén, non figuran aprobadas nin acordadas polas autoridades sanitarias de Galicia.

Con posterioridade, a Comisión de Saúde Pública do Ministerio de Sanidade, en coordinación co Ministerio de Universidades, aprobou o 16 de xullo as [“Medidas de prevención, hixiene y promoción de la salud frente a COVID-19 para centros universitarios en el curso 2021-2022”](#). Se ben as medidas hixiénico-sanitarias básicas non mudan - uso de máscara de protección, lavado de mans, ventilación adecuada e distanciamento social- recolle recomendacións relativas á distancia de seguridade interpersoal nas aulas, que podería reducirse de 1,5 metros a 1,2 con respecto ao curso anterior, tendo en conta o contexto de incidencia COVID.

Así, nos niveis de alerta 1 e 2, segundo a definición acordada polo Consello Interterritorial de Saúde no documento [“Actuaciones de respuesta coordinada para el control de la transmisión de COVID-19”](#), que se entenden equivalentes aos niveis medio-baixo e medio definidos na *Orde da Consellería de Sanidade do 25 de xuño de 2021, pola que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada da COVID-19 na Comunidade Autónoma de Galicia*, modificada polas ordes posteriores que adecúan cada semana as

restricións aos niveis de incidencia da enfermidade, pódese establecer unha distancia de seguridade interpersoal nas aulas de 1,2 metros.

Á vista do anterior, cómpre actualizar, recompilar e harmonizar as referencias normativas da Universidade de cara ao curso que se inicia, co obxecto de ter instrucións sinxelas e claras para toda a comunidade universitaria. Non obstante, en todo o non previsto nesta resolución estarase ao previsto na [Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC](#), e os protocolos aprobados nos centros, convenientemente actualizados tendo en conta as circunstancias de cada momento, e prevendo a posibilidade de que a situación poda mudar durante o desenvolvemento do próximo curso.

As medidas concretas e específicas están orientadas a garantir a maior normalidade e presencialidade nas aulas posible e no resto de actividades universitarias - especialmente no relativo ao Servizo Universitario de Residencias (SUR)- co obxectivo de minimizar o impacto da crise sanitaria e de manter as condicións de seguridade nas que se desenvolveu o curso anterior.

Sen prexuízo da estrita observancia de todas as medidas hixiénico-sanitarias vixentes, a estratexia de control sanitario nestes momentos céntrase especialmente na vacinación da poboación, mantendo igualmente os protocolos de detección de casos e rastreo do contactos para evitar a propagación e a transmisión comunitaria cando se produce un caso positivo. Para iso, na medida do posible, continúa sendo recomendable reducir as relacións interpersoais a grupos estables que permitan o control no caso de contaxios.

A evolución da propagación da enfermidade, con novas cepas que teñen unha capacidade de transmisión máis alta, e a evolución da estratexia de vacinación leva a que na actualidade a maior incidencia se atope nunha franxa etárea na que se atopa o alumnado da educación superior.

Por isto, mantendo a liña iniciada no curso anterior e que tivo éxito na súa aplicación, contarase coa implicación do propio alumnado, reforzando e esixindo o cumprimento estrito das medidas hixiénico-sanitarias e poñendo en valor a responsabilidade individual e colectiva de toda a comunidade universitaria para evitar a propagación do virus e conter a súa expansión, a través do Programa do Voluntariado COVID.

Por último, atender as diferentes circunstancias que se poidan producir require da identificación clara dos niveis de decisión para a correcta asunción de responsabilidades por parte de todos os implicados polo que esta resolución redefine as atribucións que, con carácter estable, teñen as persoas e órganos implicados na xestión da pandemia dentro da USC.

Partindo de que na situación epidemiolóxica actual se produza unha combinación dos tres escenarios esta resolución define as responsabilidades, as canles de comunicación, as medidas concretas para o desenvolvemento da docencia e de actividades e servizos relacionados así como para a transición entre escenarios.

Ao mesmo tempo dispóñense medidas de implantación xeral no relativo á comunicación institucional e á actualización dos protocolos dos centros docentes incluídos nos anexos a esta resolución.

Á vista do exposto e no uso das competencias atribuídas polos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela,

RESOLVO,

Primeira. *Competencias na xestión da crise por COVID-19*

1. O Xerente será o Responsable COVID-19 na Universidade de Santiago de Compostela. Entre as súas responsabilidades está a adopción de medidas hixiénico-sanitarias no contexto da crise sanitaria, así como aquelas que afecten á apertura e peche de instalacións, á prestación de servizos esenciais, ou calquera outra necesaria para a continuidade das actividades que se desenvolven na Universidade de Santiago de Compostela.

2. En coordinación co Servizo de Prevención de Riscos e de Vixilancia da Saúde, a Xerencia será a responsable de dispor as medidas e actuacións que deberán realizar as persoas responsables das instalacións.

3. Na súa función de asesoramento e apoio técnico en materia de seguridade e saúde laboral, corresponderá ao Servizo de Prevención de Riscos a elaboración dun procedemento de actuación en caso de declaración de enfermidade infecciosa ou dun rebrote. Este procedemento estará en continua revisión para adaptarse á situación existente e cumprir coa normativa de aplicación en cada momento e será público a través da [Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC](#).

4. A Xerencia terá, así mesmo, a competencia de coordinación dos suxeitos responsables definidos nos seguintes apartados, para a implantación das medidas ás que se refire o apartado anterior.

5. Corresponde ao Gabinete do Reitor a xestión da comunicación interna e externa aplicable a cada escenario. Así mesmo, correspóndelle o deseño das campañas de información dirixidas á comunidade universitaria.

6. As persoas responsables das instalacións serán as identificadas nos Plans de Autoprotección dos edificios polo que dispoñen dun coñecemento exhaustivo dos establecementos, as súas instalacións e os sectores ou zonas de risco potencial. Así mesmo, coñecen os medios de protección dispoñibles e serán os responsables de aplicar as instrucións emanadas da Xerencia.

Contarán coa colaboración do persoal responsable da prestación de servizos para o desenvolvemento das medidas a aplicar.

7. As persoas responsables da prestación de servizos serán os e as investigadores e investigadoras principais que desenvolvan proxectos en laboratorios así como as persoas responsables dos servizos e unidades administrativas. No seu ámbito, aplicarán as instrucións que lles correspondan e velarán polo cumprimento das medidas de prevención aplicables en cada escenario.

8. Todo o alumnado e o persoal vinculado coa Universidade de Santiago de Compostela, así como o persoal que preste servizos en virtude de contratos administrativos ou de encargos será responsable a nivel individual do cumprimento das medidas de

prevención e autoprotección en cada escenario, de conformidade coas guías de actuación, as campañas de información e a formación que a Universidade facilite en cada momento.

9. A Xerencia designará aos/ás “Delegados/as COVID-19” en cada centro por proposta da persoa responsable do edificio. Os/as Delegados/as COVID-19 serán os encargados da aplicación e seguimento das medidas hixiénico-sanitarias necesarias.

Segunda. Comité de Xestión da COVID-19

1. A Xerencia realizará a coordinación dos responsables definidos na disposición anterior mediante un Comité de Xestión que estará formado polas seguintes persoas :

- O xerente, que o presidirá
- A vicerreitora de Titulacións e Captación internacional, que coordinará a implantación de medidas no ámbito docente en función dos escenarios declarados
- O director do Gabinete do Reitor
- Representantes do Colexio de Decanos/as e Directores/as de Centro e de Directores/as de Departamento, nun número non superior a 5
- O persoal necesario dos seguintes servizos adscritos á Xerencia: Servizo de Prevención de Riscos, Servizo de Vixilancia da Saúde e Área de Operación de Infraestruturas
- Unha persoa do Servizo Universitario de Residencias (SUR)
- Unha persoa do Servizo de Participación e Integración Universitaria

2. Este Comité reunirse semanalmente para realizar o seguimento das medidas adoptadas e o control dos posibles casos que se detecten.

3. A Xerencia poderá incorporar outros membros necesarios para a adopción de decisións en función da evolución da crise sanitaria.

4. Periodicamente darase conta da evolución da situación, a través da súa participación no Comité, aos representantes do alumnado no Consello de Goberno e aos representantes do Persoal Docente e Investigador e do Persoal de Administración e Servizos.

Terceira. Responsabilidade dos empregados públicos ao servizo da USC

1. Todo o persoal da Universidade, na súa condición de empregado público, deberá contribuír ao cumprimento das medidas de actuación fronte ao coronavirus COVID-19, non só nas actividades programadas que leve a cabo durante a prestación do servizo senón tamén durante a permanencia, acceso e saída das instalacións universitarias.

2. Nos centros docentes, o Persoal Docente e Investigador e o Persoal de Administración e Servizos, neste último caso especialmente aquel con funcións relacionadas coas instalacións, promoverán que a circulación polos edificios e as entradas e saídas das actividades docentes sexan ordenadas.

3. No caso de detectar comportamentos que aumenten o risco de contaxio (uso incorrecto da máscara facial, non manter a distancia de seguridade interpersonal mínima ou aglomeracións entre outras), deberá comunicarlle esta circunstancia ás persoas que estean incumprindo e, de non ser suficiente, poñerano en coñecemento da persoa responsable do edificio que adoptará, en coordinación coa Xerencia, as medidas oportunas para que cese o comportamento coa maior brevidade posible.

Cuarta. *Distancia de seguridade interpersonal nas aulas*

1. Nos niveis de risco medio-baixo e medio, de conformidade coas disposicións das autoridades sanitarias, con carácter xeral a distancia de seguridade interpersonal nas aulas será de 1,2 metros. No caso de bancadas fixas enténdese cumprida esa distancia deixando un posto intermedio baleiro, sempre que as características das instalacións e da ventilación o possibiliten.

Non obstante, poderá manterse a distancia de seguridade interpersonal de 1,5 metros se a redución non supón un incremento substancial da presencialidade dos grupos nas aulas ou implica unha alteración que prexudique a organización académica aprobada para o curso 2021/2022.

2. Nos niveis de risco alto e máximo, de conformidade coas disposicións das autoridades sanitarias, a distancia de seguridade interpersonal nas aulas será de 1,5 metros.

Quinta. *Escenarios*

1. Escenario 1: normalidade adaptada

Neste escenario prevese a convivencia con algunhas medidas de autoprotección da poboación, como as máscaras faciais ou o uso de xeles desinfectantes, entre outras. Tamén se agarda o mantemento dalgunhas restricións que afecten a eventos de certa afluencia e que poderían ter incidencia en determinadas actividades universitarias, como poden ser os actos de graduación do alumnado.

As actuacións neste escenario orientaranse á consolidación dunha cultura de prevención en relación coas enfermidades infecciosas, difundindo información e facilitando a formación que permita un mellor control cando se declara unha enfermidade infecciosa ou no caso dun rebrote. O obxectivo destas actuacións será que a comunidade universitaria entenda a importancia e amose o seu compromiso co cumprimento das medidas de prevención, xa que a contención deste tipo de enfermidades depende, en boa parte, da responsabilidade individual e colectiva.

Así mesmo, deberán estar dispoñibles os materiais de prevención e desinfección necesarios para a actividade habitual da Universidade e a sinalética adecuada a cada espazo.

2. Escenario 2: distanciamento

Este escenario fórmase con medidas de protección activas que as persoas deben aplicar obrigatoriamente, como o distanciamento de seguridade, o uso de máscaras faciais e medidas organizativas como o control de accesos e aforos ou barreiras de separación entre as persoas, entre outras medidas.

Neste escenario a prevención dos contaxios é clave para a contención da enfermidade, polo que se contemplan restricións no uso dos espazos, a desinfección e limpeza reforzada e, incluso, a posibilidade de peche parcial das instalacións no caso de ter coñecemento de brotes que afecten a instalacións localizadas.

3. Escenario 3: peche das instalacións

Esta situación contéplase en termos similares á fase de hibernación que tivo lugar entre o 30 de marzo e o 9 de abril de 2020. En atención ás medidas que dispoñan as autoridades sanitarias, prevese un novo confinamento da poboación, o peche das instalacións da Universidade e a determinación das funcións esenciais que deberán manterse.

Sexta. *Protocolos dos centros*

1. Os centros docentes actualizarán o protocolo de aplicación das medidas xerais de prevención e control sanitario e as relativas á docencia, para o que empregarán o modelo incluído no Anexo II desta resolución.

2. O protocolo conterá a información sobre a adopción dos escenarios previstos na disposición Quinta en relación coas medidas do [Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-2022](#). A presencialidade nas aulas poderá ser asimétrica dentro dun mesmo centro, en función das características das instalacións e dos grupos que as empreguen. Así mesmo, poderanse implantar medidas relativas ás formas de acceso e circulación polas instalacións e calquera outra necesaria para garantir a seguridade sanitaria, en coordinación co Responsable COVID-19, que deberán incluírse no protocolo e ser obxecto de difusión entre o persoal e o alumnado do centro.

Sétima. *Uso obrigatorio de máscara*

1. O uso de máscara nas instalacións da Universidade é obrigatorio aínda que se poida garantir a distancia de seguridade interpersoal mínima establecida en cada momento polas autoridades sanitarias, coas excepcións que se establezan nos protocolos que regulen as diferentes actividades.

2. O alumnado das titulacións oficiais de grao, mestrado e doutoramento terá dereito a unha máscara de protección hixiénica reutilizable por semestre, que poderá retirar na conserxería do centro no que se atope matriculado, ou onde realice a súa actividade de investigación no suposto do doutoramento, durante a primeira semana desde a súa incorporación. O mantemento adecuado para o seu uso deberá realizarse de conformidade co establecido no Anexo I.

3. No suposto do persoal da Universidade de Santiago de Compostela, así como o alumnado de doutoramento con vinculación laboral, disporán de máscara hixiénica reutilizable para o seu uso durante a xornada de traballo que terá a consideración de prenda de traballo.

4. O persoal, debidamente acreditado, poderá retirar unha máscara hixiénica cada 25 días laborables.

5. Para o seguimento do establecido nos apartados anteriores, o persoal dos Puntos de Atención, Información e Servizos dos centros será o encargado da subministración de máscaras hixiénicas e levará o control das máscaras remitidas ao centro e da súa entrega ao persoal, anotando a identificación da persoa que realiza a retirada e a data no documento que se remitirá desde a Xerencia.

Sétima. Comunicación institucional

Co obxecto de reforzar a comunicación interna sobre as medidas de prevención e protección, con carácter xeral, nas instalacións da USC só se poderá exhibir a información institucional oficial que sexa necesaria e a derivada dos protocolos e medidas de actuación fronte á COVID-19 nos espazos físicos ou electrónicos destinados para este fin. A información institucional oficial incluírá a referida a organizacións estudantís e sindicais, así como aquela que se determine por parte do Responsable COVID-19.

Oitava. Fomento de grupos estables

1. Co obxecto de minimizar o risco de contaxio e propagación do virus e de facilitar a localización de contactos no caso de producirse, adoptaranse as seguintes medidas:

- nas actividades docentes o alumnado deberá ter un sitio fixo asignado en cada aula na que reciba docencia que se determinará tendo en conta a preferencia dos e das estudantes, co fin de garantir os grupos estables de convivencia. As aulas deberán ter identificados os postos que se poderán empregar, tendo en conta a distancia de seguridade interpersoal aplicable.

- nas instalacións do Servizo Universitario de Residencias estableceranse grupos estables de convivencia para o uso de espazos comúns, particularmente as cocinas, podendo asignar horarios específicos de uso para cada grupo que deberán ser obxecto de rexistro.

2. O desenvolvemento de actividades de extensión universitaria realizarase, sempre que sexa posible, atendendo ao disposto no apartado anterior.

Novena. Xestión de casos de COVID-19

1. Todos os edificios deberán contar, polo menos, cun espazo adecuado para illar casos sospeitosos de padecer a enfermidade que se poidan producir durante o desenvolvemento das súas actividades, que estará claramente identificado e do que se informará debidamente ao persoal propio e alleo, ao alumnado e ás persoas usuarias, de ser o caso, que accedan ás instalacións.

2. O espazo deberá contar con ventilación adecuada, co material informativo e de protección provisto pola Xerencia e cun teléfono para realizar as chamadas necesarias de conformidade co establecido nos protocolos no suposto de aparición de casos.

3. A xestión de casos realizarase, de conformidade co disposto polas autoridades sanitarias competentes, de acordo co establecido no [Protocolo para a xestión de casos COVID-19 da Universidade de Santiago de Compostela](#), que se atopa público na páxina web institucional de información sobre a COVID-19.

4. No suposto de que se produza un abrocho nun edificio e as autoridades sanitarias así o determinen, a Xerencia comunicará á persoa responsable da instalación o alcance das medidas a adoptar en relación coa suspensión de actividades presenciais podendo determinar, en función da extensión do abrocho, o peche total do edificio polo período de corentena que se estableza.

5. Coa finalidade de minimizar as distorsións que se poidan producir nas actividades docentes no suposto de corentenas puntuais, o profesorado deberá ter dispoñibles os materiais e a programación de actividades da materia, como mínimo, con 15 días de antelación.

6. A xestión de casos nas residencias e colexios maiores do SUR realizarase conforme ao disposto no [Protocolo para centros do servizo universitario de residencias da USC no contexto da COVID-19](#). No suposto de que se produza un abrocho nunha residencia ou colexio maior, a Xerencia comunicará á dirección do centro o alcance das medidas a adoptar de conformidade co que establezan as autoridades sanitarias.

Décima. *Medidas de apoio para o desenvolvemento da docencia*

1. A Universidade manterá o Programa de voluntariado USC fronte á COVID, destinado á colaboración do alumnado no cumprimento e observancia das medidas dispostas en relación coa docencia, coa convivencia en residencias e colexios maiores e co comportamento adecuada noutras actividades que desenvolva a Universidade.

2. Entre os obxectivos do programa estarán os seguintes:

- Informar e formar ao alumnado sobre a correcta execución das medidas hixiénico-sanitarias aplicables en cada momento e fomentar e reforzar o comportamento adecuado para minimizar o risco de contaxio.

- Velar polo adecuado cumprimento das medidas de acceso, circulación e ventilación nas instalacións do centro no que desenvolvan a súa actividade.

- Informar e concienciar ao alumnado sobre a incidencia dos comportamentos sociais na propagación da enfermidade fomentando a responsabilidade individual e colectiva da comunidade universitaria.

3. Co obxecto de garantir e facilitar o acceso ao desenvolvemento da docencia, a Universidade manterá as liñas de axudas iniciadas no curso 2019-2020 relativas a bonos de comedor, axudas para o desenvolvemento da docencia virtual e préstamo de material de informático.

Disposición adicional única. *Normativa de cursos anteriores.*

As disposicións referidas ao curso 2020-2021 non serán de aplicación no curso 2021-2022 sen prexuízo de que manteñan a súa vixencia para todo o relacionado co curso 2020-2021 e, en concreto, as seguintes:

- Resolución reitoral do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen medidas de prevención e contención para o desenvolvemento da actividade na Universidade de Santiago de Compostela, derivadas da fin do estado de alarma na Comunidade Autónoma de Galicia,

- Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021,

- Bases para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2020-2021

- Resolución reitoral do 2 de setembro de 2020 pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2020-2021.

Disposición derogatoria. *Derogación normativa.*

Quedan derogadas todas as normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ao disposto nesta resolución.

Disposición derradeira. Vixencia

Esta resolución terá vixencia desde a súa publicación no Taboleiro Electrónico da USC ata o fin do curso académico 2021/2022 ou ata que as autoridades sanitarias declaren a fin da crise sanitaria.

Santiago de Compostela

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme a Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

Anexo I. Condicións de uso e mantemento das máscaras hixiénicas reutilizables

1. MÁSCARAS HIXIÉNICAS REUTILIZABLES: DESCRICIÓN E CARACTERÍSTICAS

Descrición: máscaras hixiénicas reutilizables con suxeición á orella mediante dúas bandas elásticas. Alta repelencia aos líquidos, barreira á penetración de partículas e bacterias, propiedades antiestáticas, cómoda e transpirable, adecuada para quirófanos-salas brancas e durabilidade extraordinaria.

Características

Transpirable, Hidrófuga, Antibacteriana e Reutilizable

Material Sarga Tecnosani 6S % Poliéster

35% Algodón Peso 195/205 gr/m2 Certificación

UNE-0065 + OEKOTEX e UNE-EN14683

Aprobacións

UNE 0065:2020 referente a máscaras hixiénicas reutilizables. A máscara pode aguantar polo menos 25 ciclos de lavado a 60 ° (UNE-EN ISO 6330 programa 6N) e secado ao aire (UNE-EN ISO 6330:2012, tipo A) mantendo as súas prestacións.

Criterios de aceptación para as máscaras hixiénicas reutilizables (usando os ensaios da Norma UNE-EN 14683):

ENSAIOS	CRITERIOS DE ACEPTACIÓN
Eficacia de filtración (%) (Ensaio BFE) <i>Ensaiaa a través de ensaio de eficacia de filtración bacteriana (BFE), (%) (apartado 5.2.2 da Norma UNE-EN 14683:2019+AC:2019)</i>	>94
Respirabilidade (Presión Diferencial),(Pa/cm) <i>(apartado 5.2.3 da Norma UNE-EN 14683:2019+AC:2019)</i>	>60

2. CONDICIÓNS DE USO E MANTEMENTO

2.1 Colocación da máscara

Recoméndase colocar a máscara sobre a pel núa (é dicir, sen presenza de cabelo en contacto coa pel da persoa usuaria) e respectar os seguintes pasos:

1. Lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidroalcohólica antes de manipular a máscara.
2. Identificar a parte superior da máscara coas gomitas para o lado que quede en contacto coa cara.
3. Colocar a máscara na cara, á altura do nariz.

4. Soster a máscara desde o exterior e suxeitar as gomas por detrás das orellas.
5. Baixar a parte inferior da máscara ao queixo.
6. Verificar que a máscara cobre o queixo.
7. Verificar que a máscara está colocada correctamente. Para isto é necesario verificar o selado e a ausencia de molestias respiratorias.
8. Unha vez axustada, non tocar a máscara coas mans. Se a persoa usuaria necesita tocar a máscara, debe previamente lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidroalcohólica.

2.2 Retirada da máscara

Para evitar a contaminación ao retirar unha máscara, débense seguir os seguintes pasos:

1. Quitar os guantes de protección.
2. Lavar as mans con auga e xabón ou refregalas cunha solución hidroalcohólica .
3. Retirar a máscara sen tocar a parte frontal da máscara.
4. Lavar as mans con auga e xabón ou frotalas cunha solución hidroalcohólica.

2.3 Lavado da máscara

Empregando as instrucións de lavado que se conteñen neste apartado, as probas técnicas certificadas amosan unha durabilidade sen perder as propiedades de ata 110 lavados.

Para o suposto de lavados a 60°C, sen lixivia e deterxente neutro, a durabilidade garantida das máscaras sen perder as súas propiedades será de 25 lavados.

Instrucións de lavado

1. Non empregar lixivia porque podería afectar ás características do tecido.
2. Só empregar suavizante bactericida na última enxaugadura. No caso de non ser bactericida non utilizar ningún tipo de suavizante. Se se emprega suavizante, este deberá estar exento de colorante.
3. Só utilizar prelavado se o tecido incorpora manchas ou sucidade que se fixaría coa temperatura de lavado. En caso contrario non é necesario utilizar o prelavado.
4. Utilizar nivel de auga alto no lavado.
5. Tempo do lavado: 10 minutos.
6. Temperatura do lavado: inferior a 60°C
7. Empregar deterxente líquido cun Ph neutro ou lixeiramente alcalino, non superior ao Ph 9.
8. Realizar catro enxaugaduras só con auga, agás a última no caso de que se use un suavizante bactericida.

9. No lavado a máquina o tempo de centrifugado estará condicionado ás características da máquina lavadora.

10. Pode empregarse secadora. Este proceso pode realizarse ata 70°C pois sobrepasar esta temperatura podería afectar ao tecido.

11. A temperatura máxima no caso de pasar o ferro será de 140°C entre 10 e 15 segundos.

Anexo II. Modelo de protocolo dos centros da USC para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura no curso 2021-2022

ÍNDICE

1. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E CONTACTO
2. CANLES DE COMUNICACIÓN
3. MEDIDAS DOCENTES
4. MEDIDAS PREVENTIVAS
5. XESTIÓN DE CASOS DE COVID-19
5. PLANOS DO CENTRO
6. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

1. IDENTIFICACIÓN DO CENTRO E CONTACTO

[<<Deberá incluír o nome do centro e a identificación e forma de contacto co/a Delegado/a COVID-19. Así mesmo, deberá incluír a localización da sala de illamento o contacto cos voluntarios/as do centro fronte ao COVID-19 e onde estarán situados>>]

2. CANLES DE COMUNICACIÓN

[<<Deberá incluír as canles de comunicación que se empregarán cos diferentes colectivos, especialmente no suposto da aplicación dos escenarios 2 e 3 nos que non hai presencialidade ou é reducida. Por exemplo, co alumnado pode ser a través do Campus Virtual e co profesorado e resto do persoal por correo electrónico>>]

3. MEDIDAS DOCENTES

[<<Deberá conter, polo menos, a lista de materias (ou grupos en determinadas materias) nos que, de ser o caso, é preciso iniciar o curso no escenario 2. Se hai rotación de grupos deberá indicarse tamén neste apartado>>]

4. MEDIDAS PREVENTIVAS

A USC conta coa [Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC](#), que determina as medidas de prevención e protección a ter en consideración e está sometida a continua revisión para adaptación á evolución da situación sanitaria e referencias normativas e técnicas en cada momento.

De acordo con esta normativa básica interna da USC, este protocolo establece as condicións que deben reunir os espazos e instalacións do centro, as pautas para a realización das actividades e as medidas de protección persoal a observar neste momento, estando suxeitas a revisión en función das adaptacións da [Guía de actuación fronte á COVID-19 da USC](#) acordades cos niveis de restrición declarados polas autoridades sanitarias.

Co obxecto de reducir ao mínimo as incertezas sanitarias e docentes para o curso académico 2021-2022, a USC ten aprobado o [Plan de continxencia para o desenvolvemento da docencia no curso 2021-2022](#) e a **Resolución reitoral do 1 de setembro de 2021 pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2021-2022**, que definen os distintos escenarios posibles en relación coa evolución da pandemia COVID-19 e determinan as medidas a implantar para cada un dos escenarios, tanto no ámbito sanitario como no académico.

Corresponde a [<<Decano/a – Director/a ou Responsable COVID se é outra persoa>>] a responsabilidade de implantar no centro as medidas contidas neste protocolo e asumir a interlocución coa Xerencia e co Comité de Xestión da COVID-19 no curso 2021/2022 no referente á crise sanitaria COVID-19. Polo que respecta á implantación das medidas preventivas, esta responsabilidade compete tamén aos responsables das distintas unidades do centro e investigadores principais respecto do seu ámbito de competencia en relación con lugares de traballo, instalacións, actividades ou persoal ao cargo. En xeral, todo o persoal da USC que presta os seus servizos no centro e o alumnado serán

responsables de observar as medidas preventivas deste protocolo para a protección da saúde e a contención da propagación da COVID-19. Esta liña xerárquica en canto a asunción de responsabilidades defínese na **Resolución reitoral do 1 de setembro de 2021 pola que se dispoñen medidas fronte á COVID-19 para o inicio do curso 2021-2022** pero, ademais, en materia de prevención de riscos laborais, é a que corresponde por imperativo do Plan de Prevención de Riscos Laborais da USC que, á súa vez, cumpre coas obrigas establecidas na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e no Real Decreto 39/1997 do Regulamento dos servizos de prevención para integración da prevención na xestión xeral da USC.

[<<A continuación poderanse incluír as medidas concretas aplicadas no centro, como por exemplo, medidas sobre a ventilación dos espazos, máquinas expendedoras, etc. Así mesmo, poderase identificar no equipamento onde estarán colocados, con carácter xeral, os puntos de material de desinfección como o xel hidroalcohólico ou o material de autolimpeza, así como medidas concretas aplicadas no centro en relación cos accesos diferenciados, circulación polo edificio, espazos comúns que non se poderán utilizar, etc.>>]

5. XESTIÓN DE CASOS DE COVID-19

No suposto de atoparse nunha das seguintes situacións o alumnado ou o persoal NON ACUDIRÁ ao centro:

- Presentar sintomatoloxía relacionada coa COVID-19.
- Estar en illamento domiciliario por diagnóstico por COVID-19
- Estar en illamento domiciliario por ter estado en contacto estreito con algunha persoa con COVID-19.

Nese suposto, deberá chamar ao teléfono de atención á COVID-19 (900 400 116) ou ao seu centro de atención primaria, e seguirá as instrucións recibidas poñendo esta circunstancia en coñecemento, coa maior brevidade posible, á Oficina COVID-19 a través do teléfono 8118-11111 ou ao correo infocoronavirus@usc.gal .

Se alguén no centro presenta síntomas compatibles coa COVID-19 durante o desenvolvemento dalgunha actividade, deberá auto-illarse no espazo habilitado para este efecto no edificio, e seguir o [Protocolo para a xestión de casos COVID-19 na Universidade de Santiago de Compostela](#).

A COVID-19 é unha enfermidade que se debe declarar obrigatoriamente ás autoridades sanitarias. Se se ten algunha dúbida ou sospeita pódese consultar a información facilitada polo servizo de saúde: <https://coronavirus.sergas.es/>.

6. PLANOS DE CENTRO

[<<Deberá incluír, como mínimo:

- a sinalización da sala de illamento
- a localización do Delegado COVID-19
- a localización dos voluntarios/as fronte ao COVID-19

- a localización do material de prevención (dispensadores de xel hidroalcohólico, puntos de información, etc.)

- a sinalización dos accesos, saídas e vías de circulación dispostos no centro>>]

7. OUTRA INFORMACIÓN DE INTERESE

[<<Pódese engadir outra información non contemplada nos apartados anteriores>>]

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,
01/09/2021 10:49:31.

CSV: 119E-DDFE-4DB2-A478